
 Aleixo Cordal Barreto, con DNI 33.496.227, estudante de terceiro ciclo,


 EXPOÑO:

 1 Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) conta cun Regulamento de Uso do Galego que todas as súas dependencias e calquera entidade pública ou privada que asine algún convenio de colaboración con ela debe cumprir.


2 Que no Regulamento se indica literalmente que “As revistas non científicas, as memorias, as guías de estudantes, os carteis, a información sobre cursos, congresos, simposios, conferencias, os avisos, as convocatorias e, en xeral, as publicacións que a Universidade de Santiago faga (...) redactaranse en galego...”.

3 Que a Residencia Universitaria San Juan del Monte, incluída no Sistema de Residencias Integrado grazas a un convenio coa USC, acaba de publicar integramente en castelán un Horario de Autobuses que incumpre o devandito Regulamento.

4 Que este horario incumpre tamén normativas ditadas por outras administracións (Xunta de Galicia, Concello de Santiago) ao incluír topónimos castelanizados que oficialmente non existen (Puerta del Camino, Hospital General, Arines...). A única forma legalmente válida é a galega (Porta do Camiño, Hospital Xeral, Aríns...).

 Por isto, SOLICITO:

Que sexa retirado ese Horario de Autobuses e que, respectando as normas da USC, se publique un en galego.

 Desexo que calquera notificación que for precisa se me comunique por medio do correo ao Local de Estudantes da Facultade de Xeografía e Historia, Praza da Universidade, s/n, 15706 Santiago de Compostela. Tamén se me podería comunicar a través do correo electrónico [aleixo.cordal.barreto@usc.gal](mailto:aleixo.cordal.barreto@usc.gal).

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2024



ANEXO  
Fotocopia do horario que é obxecto da denuncia

 VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN CULTURAL E SERVIZOS